Sounds good! /'saʊnds ɡʊd/ Soa / Paréceme ben!

What kind of ... ? /wɒt 'kaɪnd ɒv/ Que tipo / clase de...?

It would be great if ... /ɪt wʊd biː 'ɡreɪt ɪf/
Sería estupendo se...

I'm not sure about ... /aɪm nɒt 'ʃʊə əbaʊt/
Non estou certo/a de...

COMPARING PICTURES

Similarities

The pictures are similar because ... /ðə ˈpɪktʃəz ɑː ˈsɪmɪlə ˈbɪkɒz/ As fotografías son semellantes / parécense porque...

One thing they have in common is ... /wʌn θɪŋ ðeɪ hæv ɪn ˈkɒmən ɪz/ ... é unha cousa / algo que teñen en común.

They both take place ... /ðeɪ ˈbəʊθ teɪk pleɪs/ Ambos/as ocorren / teñen lugar...

Differences

Unlike picture A, in picture B ... /ʌnlaɪk ˈpɪktʃə ˈeɪ ɪn ˈpɪktʃə ˈbiː/ A diferenza da fotografía A, na fotografía B...

Picture A shows ... , while in picture B ... /ˈpɪktʃə ˈeɪ ʃəʊz waɪl ɪn ˈpɪktʃə ˈbiː/ A fotografía A mostra..., mentres que na fotografía B...

They show completely different ... /ðeɪ ʃəʊ kəmˈplɪtli dɪfərənt/ Mostran... completamente diferentes.

Speculating / Describing

There must have been ... /ðeə ˈmʌst həv biːn/ Debe(n) de haber...

We can also see ... /wiː kæn ˈɔːlsəʊ siː/ Tamén podemos ver...

In the background, ... /ɪn ðə ˈbækgraʊnd/ No fondo, ...

UNIT 5

DESCRIBING A GAME

The game is suitable for ... /ðə ɡeɪm ɪz ˈsuːtəbl fə/ O xogo é apto / axeitado para...

The theme is ... /ðə ˈθiːm ɪz/ O tema (musical) é...

It deals with ... /ɪt ˈdiːlz wɪð/ Trata de...

The graphics are (unusual / strange / realistic / frightening). /ðə ˈɡræfiks ɑː ʌnjuːzʊəl/streɪndʒ/riːəlɪstɪk/frʌɪntɪŋ/ Os gráficos son (inhabituais / estraños / realistas / arrepiantes).

The music is (atmospheric / sad / haunting / exciting / upbeat). /ðə ˈmjuːzɪk ɪz ætməsferɪk/sæd/həʊntɪŋ/ɪksaɪtɪŋ/ʌpbiːt/ A música é (ambiental / triste / evocadora / emocionante / leda).

DISCUSSING ISSUES

What do you mean by ... ? /wɒt duː ju ˈmiːn baɪ/ Que queres dicir / A que te refires con...?

That's not the point. /ðæts nɒt ðə ˈpɔɪnt/ Esa non é a cuestión., Non se trata diso.

It's hard to say. /ɪts ˈhɑːd tə seɪ/ É difícil de dicir / explicar.

That's true, but ... /ðæts ˈtruː bət/ Iso é certo / verdade, mais...

To be honest, ... /tuː biː ˈɒnɪst/ Para ser sincero/a, ..., Sinceramente, ...

Let's face it, ... /lets ˈfeɪs ɪt/ Recoñezámolo / Sexamos realistas, ...

There's a fine line between ... and ... /ðeəz ə faɪn ˈlaɪn bɪtwɪn ... ənd/ Hai unha fina / delgada liña entre... e...

That's not what I mean. /ðæts nɒt wɒt aɪ ˈmiːn/ Iso non é o que quero dicir., Non me refiro a iso.

You're missing the point. /juː ˈmɪsɪŋ ðə ˈpɔɪnt/ Non entendes o que quero dicir., Escápaseche o máis importante.

UNIT 6

DESCRIBING YOUR DREAM JOB

I'd love to ... /aɪd ˈlʌv tuː/ Encantaríame...

In order to ... , I have to ... /ɪn ˈɔːdə tuː ... aɪ ˈhæv tuː/ Para..., teño que...

I'll need a qualification in ... /aɪl niːd ə kwɒlɪfɪˈkeɪʃn ɪn/ Necesitarei unha titulación de...

I can't decide between ... /aɪ kɑːnt dɪˈsaɪd bɪtwɪn/ Non me decido / podo decidir entre...

It's important to have / get ... /ɪts ɪmˈpɔːtnt tuː hæv/get/ É importante ter / obter...

My ideal job would be ... /maɪ aɪˈdiːəl dʒɒb wʊd biː/ O meu traballo ideal sería...

For this job, you need to be ... /fɔː ðɪs dʒɒb juː niːd tə biː/ Para este traballo, necesitas ser / estar...

A JOB INTERVIEW

I hope to be ... /aɪ ˈhəʊp tə biː/ Agardo ser...

I have been working as ... /aɪ həv biːn ˈwɜːkɪŋ æz/ Estiven a traballar / Levo a traballar como...

... this job will help me ... /ˈðɪs dʒɒb wɪl help miː/ ... este traballo axudárame a...

... the work includes ... /ðə wɜːk ɪnˈkluːdz/ ... o traballo inclúe...

The salary is ... /ðə ˈsæləri ɪz/ O soldo / salario é...

... you'll find that ... /juːl ˈfaɪnd ðæt/ ... decatáste de / verás que...

You'll be required to ... /juːl biː rɪˈkwaɪəd tuː/ Pediráseche / Esixiráseche que...

GETTING STARTED

PRESENT SIMPLE

FORM		
Affirmative I / You eat He / She / It eats We / You / They eat	Negative I / You do not (don't) eat He / She / It does not (doesn't) eat We / You / They do not (don't) eat	Interrogative Do I / you eat? Does he / she / it eat? Do we / you / they eat?
USES	EXAMPLES	ADVERBS OF FREQUENCY / TIME EXPRESSIONS
A regular habit or routine	<i>I regularly chat with friends.</i> (A miúdo charlo en Internet con amigos.)	always, usually, generally, regularly, occasionally, frequently, often, sometimes, rarely, seldom, never at 1 o'clock, at night, in the morning, on Fridays, every week, once a month / day, how often ... ?
A general truth or scientific fact	<i>Guy is an only child.</i> (Guy é fillo único.)	
Stative verbs	<i>She likes to share pictures with her friends.</i> (A ela gústalle compartir fotos coas súas amigas.)	
A future schedule or timetable	<i>My favourite TV show starts at 8 o'clock.</i> (O meu programa de televisión favorito comeza ás 8:00.)	

PRESENT CONTINUOUS

FORM		
Affirmative I am playing You are playing He / She / It is playing We / You / They are playing	Negative I am (I'm) not playing You are not (aren't) playing He / She / It is not (isn't) playing We / You / They are not (aren't) playing	Interrogative Am I playing? Are you playing? Is he / she / it playing? Are we / you / they playing?
USES	EXAMPLES	TIME EXPRESSIONS
An action which is happening now	<i>Tom is watching a popular film now.</i> (Tom está a ver unha película coñecida agora.)	now, right now, at the moment
A temporary action	<i>Everyone is talking about the new president these days.</i> (Todo o mundo está a falar do novo presidente estes días.)	this year, at present, today, these days, this month
A definite plan for the near future	<i>We are meeting at Gina's tonight.</i> (Atoparémonos na casa de Gina esta noite.)	this evening, tonight, tomorrow, next Friday / week / year

Stative Verbs

Indican un estado máis que unha acción e adoitan empregarse en *Present Simple*. Están relacionados con:

- as emocións e os sentimentos (**dislike, enjoy, hate, hope, like, love, need, prefer, want**)
- o pensamento e a opinión (**believe, forget, guess, know, remember, think, understand**)
- a percepción e os sentidos (**feel, hear, see, smell, sound, taste, touch**)
- os prezos e as medidas (**cost, measure, weigh**)
- a posesión ou pertenza (**belong, have, own**)

Alguns sinalan tanto estado como actividade e poden empregarse en *Present Simple* e en *Present Continuous*.

*Will **thinks** it's important to express your feelings.*
(Will cre que é importante expresar os sentimentos.)
[estado]

*They **are thinking** about talking it over later.*
(Están a pensar en falar sobre iso máis tarde.)
[actividade]

O verbo **see** en *Present Continuous* sinala unha acción futura fixada de antemán.

*Paul **is seeing** his girlfriend, Lauren, tonight.*
(Paul verá a súa noiva, Lauren, esta noite.)
[Xa quedaron.]

PAST SIMPLE

FORM		
Affirmative I / You slept He / She / It slept We / You / They slept	Negative I / You did not (didn't) sleep He / She / It did not (didn't) sleep We / You / They did not (didn't) sleep	Interrogative Did I / you sleep? Did he / she / it sleep? Did we / you / they sleep?
USES	EXAMPLES	TIME EXPRESSIONS
A completed action in the past	<i>My sister and I had an argument yesterday.</i> (A miña irmá e mais eu tivemos unha discusión onte.)	yesterday, last week / year, two days ago, in 2007, in the 1980s, in the 18th century, when, then
A series of completed actions in the past	<i>He felt confident and decided to run a business on his own.</i> (Sentiuse confiado e decidiu levar un negocio pola súa conta.)	

PAST CONTINUOUS

FORM		
Affirmative I was listening You were listening He / She / It was listening We / You / They were listening	Negative I was not (wasn't) listening You were not (weren't) listening He / She / It was not (wasn't) listening We / You / They were not (weren't) listening	Interrogative Was I listening? Were you listening? Was he / she / it listening? Were we / you / they listening?
USES	EXAMPLES	TIME EXPRESSIONS
An incomplete action in progress at a specific time in the past	<i>Sam was reading at 5 o'clock.</i> (Sam estaba a ler ás 5 en punto.)	last night / week / year, at 4 o'clock
An incomplete action in progress interrupted by another action	<i>When I was walking home, it started to rain.</i> (Cando ía camiñando á casa, comezou a chover.)	when, while, as
Two incomplete actions in progress at the same time in the past	<i>She was uploading some videos while we were posting our latest photos.</i> (Ela estaba a subir algúns vídeos mentres nós estabamos a publicar as nosas últimas fotos.)	

PRESENT PERFECT SIMPLE

FORM		
Affirmative I / You have gone He / She / It has gone We / You / They have gone	Negative I / You have not (haven't) gone He / She / It has not (hasn't) gone We / You / They have not (haven't) gone	Interrogative Have I / you gone? Has he / she / it gone? Have we / you / they gone?
USES	EXAMPLES	TIME EXPRESSIONS
An action that began in the past and continues until the present	<i>We have lived in Ireland for two years.</i> (Levamos vivindo en Irlanda (durante) dous anos.)	never, ever, already, just, yet, recently, lately, always, so far, for, since, in recent years, how long ... ?
An action that took place at an undetermined time in the past but is connected or relevant to the present	<i>She has called her friend recently.</i> (Chamou á súa amiga hai pouco.)	

PAST PERFECT SIMPLE

FORM		
Affirmative I / You had come He / She / It had come We / You / They had come	Negative I / You had not (hadn't) come He / She / It had not (hadn't) come We / You / They had not (hadn't) come	Interrogative Had I / you come? Had he / she / it come? Had we / you / they come?
USE	EXAMPLE	TIME EXPRESSIONS
A completed action which took place before another action in the past	<i>By the time we arrived, the concert had already started.</i> (Para cando chegamos, o concerto xa comezara.)	already, by the time, after, before, until, never, just

FUTURE SIMPLE

FORM		
Affirmative I / You will go He / She / It will go We / You / They will go	Negative I / You will not (won't) go He / She / It will not (won't) go We / You / They will not (won't) go	Interrogative Will I / you go? Will he / she / it go? Will we / you / they go?
USES	EXAMPLES	TIME EXPRESSIONS
A prediction	<i>You will be thrilled with this innovative device.</i> (Estarás entusiasmado con este dispositivo anovador.)	this evening, in an hour, at 2 o'clock, later, tomorrow, next month / year, one day, soon, in a few weeks, in the future, on 1st May
Future events in a timetable / schedule	<i>The film will start in an hour.</i> (A película comezará nunha hora.)	
A spontaneous decision	<i>I feel very tired, so I ll have a rest.</i> (Síntome moi cansa, así que farei un descanso.)	

BE GOING TO

FORM		
Affirmative I am going to swim You are going to swim He / She / It is going to swim We / You / They are going to swim	Negative I am (I'm) not going to swim You are not (aren't) going to swim He / She / It is not (isn't) going to swim We / You / They are not (aren't) going to swim	Interrogative Am I going to swim? Are you going to swim? Is he / she / it going to swim? Are we / you / they going to swim?
USES	EXAMPLES	TIME EXPRESSIONS
A planned action for the future	<i>Bob is going to study telecom engineering next year.</i> (Bob vai estudar Enxeñaría de Telecomunicacións o ano vindeiro.)	this evening, later, in an hour, at 4 o'clock, tomorrow, soon, next month / year / week, in a few weeks, in the future, on 8th May
An action that is about to happen	<i>I feel cold. I am going to close the window.</i> (Teño frío. Vou pechar a ventá.)	

FUTURE CONTINUOUS

FORM		
Affirmative I / You will be dreaming He / She / It will be dreaming We / You / They will be dreaming	Negative I / You will not (won't) be dreaming He / She / It will not (won't) be dreaming We / You / They will not (won't) be dreaming	Interrogative Will I / you be dreaming? Will he / she / it be dreaming? Will we / you / they be dreaming?
USES	EXAMPLES	TIME EXPRESSIONS
An action that will be or that we expect will be in progress at a certain future time	<i>At this time tomorrow, I will be attending a hi-tech exhibition.</i> (Mañá a esta hora, estarei asistindo a unha exposición de tecnoloxía vangardista.)	(at) this time tomorrow / next ... , soon, on Thursday, in the next decade, fifty years from now
Future plans	<i>They will be sleeping in a tent on Saturday.</i> (Estarán durmindo nunha tenda de campaña o sábado.)	

FUTURE PERFECT SIMPLE

FORM		
Affirmative I / You will have left He / She / It will have left We / You / They will have left	Negative I / You will not (won't) have left He / She / It will not (won't) have left We / You / They will not (won't) have left	Interrogative Will I / you have left? Will he / she / it have left? Will we / you / they have left?
USE	EXAMPLE	TIME EXPRESSIONS
An action that will be or that we expect will be completed by a certain time in the future	<i>In three years, I will have saved enough money to buy a new car.</i> (En tres anos, terei aforrado cartos abondo para mercar un coche novo.)	by this time next week, by 3 o'clock, by the end of ... , by then, by August, by 2050, in four months, within a hundred years

UNIT 1 Hit The Road

PRESENT PERFECT CONTINUOUS

FORM		
Affirmative I / You have been waiting He / She / It has been waiting We / You / They have been waiting	Negative I / You have not (haven't) been waiting He / She / It has not (hasn't) been waiting We / You / They have not (haven't) been waiting	Interrogative Have I / you been waiting? Has he / she / it been waiting? Are we / you / they been waiting?
USES	EXAMPLES	TIME EXPRESSIONS
An action that started in the past and which still continues in the present	<i>How long have you been talking on the phone?</i> (Canto tempo levas falando por teléfono?)	for a month / year, since (2020), all night / morning / day / week, lately, how long ... ?
An action whose results are still apparent	<i>I'm exhausted. I have been working on this project all day.</i> (Estou esgotada. Levo traballando neste proxecto todo o día.)	

PAST PERFECT CONTINUOUS

FORM		
Affirmative I / You had been running He / She / It had been running We / You / They had been running	Negative I / You had not (hadn't) been running He / She / It had not (hadn't) been running We / You / They had not (hadn't) been running	Interrogative Had I / you been running? Had he / she / it been running? Had we / you / they been running?
USE	EXAMPLE	TIME EXPRESSIONS
An action which continued for some time up to another past action	<i>They had been living in New York for years until they moved.</i> (Estiveron a vivir en Nova York durante anos até que se mudaron.)	for hours, since last April, all morning / night / day / week, when, until, before

Forma

Afirmativa: suxeito + **had** + **been** + verbo principal rematado en -ing.

Negativa: suxeito + **had** + **not** (ou **n't**) + **been** + verbo principal rematado en -ing.

Interrogativa: **Had** + suxeito + **been** + verbo principal rematado en -ing.

Uso

- Falar dunha acción prolongada que ocorreu no pasado antes que outra acción curta tamén pasada. É moi común traducilo como "levar" en pretérito imperfecto + un verbo en xerundio.

*We **had been walking** for hours when we suddenly decided to hop on a bus.*

(Levabamos a andar horas cando de súpeto decidimos montarnos nun autobús.)

O corrente é que esas dúas accións vaian unidas por unha conxunción, que pode ser temporal como as do cadro (**when**, **until**, **before**), concesiva (**although**) ou causal (**because**).

*Her eyes were red **because** she **had been crying**.*

(Os seus ollos estaban vermellos porque estivera a chorar.)

O *Present Perfect Continuous* describe unha acción que comezou no pasado e continúa de maneira ininterrompida no presente. Pódese enfatizar a duración da actividade con expresións como **for**, **since**, **all day**, etc.

*Sam **has been studying** French for years.*
(Sam leva anos a estudar francés.)

En cambio, o *Past Perfect Continuous* describe a duración de algo no pasado até o comezo doutra actividade.

*We **had been walking** for hours when Jon tripped.*
(Levabamos a andar horas cando Jon tropezou.)

Nota: Co *Present Perfect Continuous* e o *Past Perfect Continuous* non se adoitan empregar verbos estáticos como **know** e **want**.

*Mark **has known** since last month that his family is moving abroad.*

(Mark sabe dende o mes pasado que a súa familia se vai mudar ao estranxeiro.)

UNIT 2 Always Learning

AS ORACIÓNS CONDICIONAIS

CONDITIONAL CLAUSE	RESULT CLAUSE	EXAMPLES
ZERO CONDITIONAL		
<i>if / when / unless</i> + Present Simple	Present Simple modal + base form	<i>If / When two people have got a lot in common, they normally get along.</i> (Se / Cando dúas persoas teñen moito en común, polo xeral lévanse ben.) <i>You can't participate in the course unless you apply for it.</i> (Non podes participar no curso a non ser que o solicites.)
FIRST CONDITIONAL		
<i>if / unless</i> + Present Simple	Future Simple imperative modal + base form	<i>If you take my advice, you will do better in the exam.</i> (Se segues o meu consello, faralo mellor no exame.) <i>If she takes you for granted, ignore her.</i> (Se te fai de menos, ignóraa.) <i>You can join us if you are free tonight.</i> (Pódeste unir a nós se estás libre esta noite.)
SECOND CONDITIONAL		
<i>if / unless</i> + Past Simple	<i>would could / might</i> + base form	<i>If Sarah and I had the money, we would buy a house.</i> (Se Sarah e mais eu tivésemos o diñeiro, mercariamos unha casa.) <i>If you got to know each other, you could / might be friends.</i> (Se vos coñecésedes mellor, poderíades ser amigas.)
THIRD CONDITIONAL		
<i>if</i> + Past Perfect Simple	<i>would have could / might have</i> + past participle	<i>If you had apologised, I would have forgiven you.</i> (Se tiveses pedido desculpas, teríate perdoado.) <i>If we hadn't grown apart, we could / might have been close friends.</i> (Se non nos tiveramos distanciados, poderíamos ter sido amigos íntimos.)

As oracións condicionais están compostas dunha oración subordinada, que expresa a condición, e unha oración principal, que expresa o resultado. Se a condición vai primeiro, ponse unha vírgula entre a oración subordinada e a principal.

*If they **go** to the cinema, they **will watch** a foreign film.*
(Se van ao cinema, verán unha película estranxeira.)

*They **will watch** a foreign film **if they go** to the cinema.*
(Verán unha película estranxeira se van ao cinema.)

O condicional cero

Fórmase con **if** + *Present Simple* na condición e o *Present Simple* no resultado. Úsase para dicir o que ocorre sempre que se cumpre a condición sinalada cando se fala de feitos ou verdades xerais. Pódese empregar **when** no canto de **if** sen que o significado da frase varie.

*If you **disapprove** of something, you **don't agree** with it.*

(Se desaprobas algo, non estás de acordo con iso.)

***When** I **sleep** less than eight hours, I **feel** tired.*

(Cando durmo menos de oito horas, síntome cansa.)

Ademais do *Present Simple*, no resultado tamén se poden empregar os verbos modais.

*If you **have** celiac disease, you **can't eat** gluten.*

(Se tes a enfermidade celíaca, non podes comer glute.)

Para dicir que ocorre se non se cumpre a condición, a subordinada introdúcese pola conxunción **unless**, que equivale a **if not** ("a non ser que", "a menos que", "se non"), ou négase o verbo da condición.

***Unless** I use a GPS, I **get** lost.*

***If** I **don't use** a GPS, I **get** lost.*

(A non ser que use / Se non uso un GPS, pérdome.)

Ten en conta que **unless** se usa con bastante asiduidade no condicional cero e no primeiro condicional, mais é menos frecuente no segundo condicional e nunca se emprega no terceiro.

O primeiro condicional

Fórmase con **if** + *Present Simple* na condición e o *Future Simple* no resultado. Emprégase para dicir que ocorrerá ou o que se cre que ocorrerá se se cumpre a condición sinalada.

***If** she **treats** him with respect, she **won't hurt** his feelings.*

(Se o trata con respecto, non ferirá os seus sentimentos.)

Ademais do *Future Simple*, no resultado tamén se poden empregar verbos modais ou o imperativo.

***If** you **receive** an e-mail with a suspicious attachment, **don't download** it.*

(Se recibes un correo electrónico cun adxunto sospeitoso, non o descargues.)

Nota: Algunhas veces os modais poden usarse tanto na condición coma no resultado.

***If** you **can arrive** on time, you **should see** the exhibition.*

(Se podes chegar a tempo, deberías ver a exposición.)

O segundo condicional

Fórmase con **if** + *Past Simple* na condición e **would** + o verbo na forma base no resultado. Emprégase para dicir o que ocorrería de cumprirse a condición sinalada cando se fala de situacións hipotéticas ou imaxinarias referidas ao presente ou ao futuro. Tamén serve para dar consellos.

*They **would come** **if** they **didn't live** so far away.*

(Virían se non vivisen tan lonxe.)

Se o verbo da condición é **to be**, adoita empregarse **were** en todas as persoas do singular e do plural, malia que o emprego de **was** para a primeira e a terceira persoa do singular está cada vez máis estendido en contextos informais.

***If** he **were** / **was** a teacher, he **would work** in a school.*

(Se fose profesor, traballaría nun colexio.)

Para dar consellos emprégase a fórmula **If I were**.

***If I were** you, I **would move** on.*

(Eu de ti, pasaría páxina.)

No canto de **would** poden empregarse os modais **could** ou **might** no resultado, mais ambos sinalan que a probabilidade de que se cumpra a hipótese é aínda menor. Equivalen ao verbo "poder" en condicional ou ás expresións "talvez" ou "quizais" + condicional.

***If** the tickets **were** cheaper, we **could** / **might go** to the theatre more often.*

(Se as entradas fosen máis baratas, poderíamos ir / talvez iríamos ao teatro máis a miúdo.)

O terceiro condicional

Fórmase con **if** + *Past Perfect Simple* na condición e **would have** + participio no resultado. Emprégase para dicir o que ocorrería se se cumprise a condición sinalada cando se fala de condicións totalmente imposíbeis que se refiren ao pasado e xa non poden cumprirse.

***If** they **hadn't gone** to the same school, they **wouldn't have met** each other.*

(Se non tivesen ido ao mesmo colexio, non se terían coñecido.)

No canto de **would have** + participio, no resultado pode empregarse **could have** ou **might have** + participio.

***If** you **had saved** some money, you **could** / **might have gone** on holiday.*

(Se tiveses aforrado cartos, poderías ter marchado de vacacións.)

As oracións temporais

As referidas ao futuro fórmanse como as oracións do primeiro condicional: *Present Simple* na subordinada e *Future Simple* na principal. As que fan referencia a feitos xerais fórmanse coma o condicional cero: co verbo en *Present Simple* na subordinada e na principal. No canto das conxuncións **if** ou **unless**, empréganse as expresións temporais **as soon as**, **by the time**, **the moment (that)**, **when**, **until**, etc.

*You'll feel better **by the time** you **get** home.*

(Sentiraste mellor cando chegues á casa.)

***When** I talk to my friends, we **catch up** on the latest news.*

(Cando falo cos meus amigos, poñémonos ao día das últimas noticias.)

AS ORACIÓNS DESIDERATIVAS

FORM	USES	EXAMPLES
<i>wish / if only + Past Simple or would / could + base form</i>	Refers to a present situation that the speaker is unhappy about	<i>I wish I had the power to put an end to violence.</i> (Oxalá tivese o poder de pór fin á violencia.) <i>If only that band performed in London.</i> (Oxalá ese grupo musical tocase en Londres.) <i>I wish people wouldn't say that!</i> (Oxalá a xente non dixese iso!) <i>If only we could change the past.</i> (Oxalá puidésemos cambiar o pasado.)
<i>wish / if only + Past Perfect Simple</i>	Expresses regret about a past action or situation	<i>I wish he hadn't got into trouble.</i> (Oxalá non se tivese metido nunha lea.) <i>If only we had thought this through.</i> (Oxalá tivésemos reflexionado sobre isto.)

As oracións desiderativas expresan un desexo e poden formarse co verbo **wish** ou coa expresión **if only**.

O verbo **wish** adoita levar como complemento directo unha oración subordinada. Equivale aos verbos “desexar” ou “gustar” en condicional, agás en primeira persoa do singular, que se traduce por “oxalá”.

A expresión **if only** ten o mesmo significado: “oxalá”, “se cando menos”.

I wish / If only it weren't so cold.

(Oxalá / Se cando menos non fixese tanto frío.)

Tanto **wish** coma **if only** poden empregarse con varios tempos verbais, como se ve no cadro.

- Co **Past Simple** referímonos a situacións presentes que quixeramos cambiar ou mellorar.

I wish I knew how to help her.

(Oxalá soubese como axudala.)

Se o verbo que vai en **Past Simple** é **to be**, adoita empregarse **were** en todas as persoas do singular e do plural, malia que o emprego de **was** para a primeira e a terceira persoa do singular está cada vez máis estendido en contextos informais.

I wish Matt were / was here.

(Oxalá Matt estivese aquí.)

- Co **Past Perfect Simple** referímonos a feitos pasados, laiándose do que ocorreu.

I wish I hadn't declined the offer.

(Oxalá non tivese rexeitado a oferta.)

Phrasal Verbs

Son verbos seguidos de unha ou dúas partículas (preposicións, adverbios ou unha combinación de ambos os dous) cun significado distinto do que cada palabra ten por separado.

Poden ser transitivos ou intransitivos.

She has always looked up to her mother.

(Sempre admirou a súa nai.)

Be patient. You will catch on soon.

(Ten paciencia. Entenderalo axiña.)

Os máis dos transitivos permiten intercalar o obxecto directo entre o verbo e a partícula: se é un substantivo pode ir en medio ou non, mais se é un pronome debe colocarse entre ambos os dous.

We put off the meeting.

(Aprazamos a reunión.)

We put the meeting off. We put it off.

Porén, algúns transitivos, todos os intransitivos e os formados por dúas partículas son inseparábeis.

Emily often looks after the children.

(Emily adoita coidar os nenos.)

She fell behind at school because she had been ill.
(Quedou atrás no colexio porque estivera enferma.)

He should learn to stand up for himself.

(Debería aprender a se defender.)

Algúns verbos poden combinarse con diferentes partículas para formaren distintos **phrasal verbs**.

bring about (provocar, ocasionar)

bring back (devolver a vida a, recuperar)

bring forward (adiantar)

bring up (criar(se))

Ademais, moitos **phrasal verbs** teñen máis de un significado:

catch up (acadar a; pórse ao día)

go off (soar; botarse a perder)

make up (facer as paces, reconciliarse; inventarse)

set up (crear; establecer, fundar)

Repara na listaxe de **phrasal verbs** na páxina 32 para ver máis casos.

UNIT 3 City Life

A VOZ PASIVA

TENSES	ACTIVE	PASSIVE
Present Simple	<i>The waiter serves the customers.</i> (O camareiro serve os clientes.)	<i>The customers are served by the waiter.</i> (Os clientes son servidos polo camareiro.)
Present Continuous	<i>The waiter is serving the customers.</i> (O camareiro está a servir os clientes.)	<i>The customers are being served by the waiter.</i> (Os clientes están a ser servidos polo camareiro.)
Past Simple	<i>The waiter served the customers.</i> (O camareiro serviu os clientes.)	<i>The customers were served by the waiter.</i> (Os clientes foron servidos polo camareiro.)
Past Continuous	<i>The waiter was serving the customers.</i> (O camareiro estaba a servir os clientes.)	<i>The customers were being served by the waiter.</i> (Os clientes estaban a ser servidos polo camareiro.)
Present Perfect Simple	<i>The waiter has served the customers.</i> (O camareiro serviu os clientes.)	<i>The customers have been served by the waiter.</i> (Os clientes foron servidos polo camareiro.)
Past Perfect Simple	<i>The waiter had served the customers.</i> (O camareiro servira os clientes.)	<i>The customers had been served by the waiter.</i> (Os clientes foran servidos polo camareiro.)
Future Simple	<i>The waiter will serve the customers.</i> (O camareiro servirá os clientes.)	<i>The customers will be served by the waiter.</i> (Os clientes serán servidos polo camareiro.)
Future Perfect Simple	<i>The waiter will have served the customers.</i> (O camareiro terá servido os clientes.)	<i>The customers will have been served by the waiter.</i> (Os clientes terán sido servidos polo camareiro.)
Modals	<i>The waiter must serve the customers.</i> (O camareiro debe servir os clientes.)	<i>The customers must be served by the waiter.</i> (Os clientes deben ser servidos polo camareiro.)
Modal Perfects	<i>The waiter must have served the customers.</i> (O camareiro debe ter servido os clientes.)	<i>The customers must have been served by the waiter.</i> (Os clientes deben ter sido servidos polo camareiro.)
<i>have to</i>	<i>The waiter has to serve the customers.</i> (O camareiro ten que servir os clientes.)	<i>The customers have to be served by the waiter.</i> (Os clientes teñen que ser servidos polo camareiro.)
<i>be going to</i>	<i>The waiter is going to serve the customers.</i> (O camareiro vai servir os clientes.)	<i>The customers are going to be served by the waiter.</i> (Os clientes van ser servidos polo camareiro.)

Forma

Afirmativa: suxeito + **to be** como auxiliar no tempo correspondente + participio do verbo principal.

*The table **was assembled** by Phil.*

(A mesa foi montada por Phil.)

A pasiva é máis frecuente en inglés que en galego, polo que se adoita traducir o verbo en activa, na forma impersonal ou en pasiva reflexa.

Negativa: suxeito + **to be** como auxiliar no tempo correspondente + **not** (ou **n't**) + participio do verbo principal.

*The table **wasn't assembled** by Phil.*

(A mesa non foi montada por Phil.)

Se a frase leva un modal, un verbo en *Future Simple* ou un tempo composto, o que se nega é o modal ou o auxiliar.

*That episode **can't be dubbed** until next Monday.*

(Ese episodio non pode dobrarse até o vindeiro luns.)

Interrogativa: **to be** como auxiliar no tempo correspondente + suxeito + participio do verbo principal.

***Was the table assembled** by Phil?*

(A mesa foi montada por Phil?)

Se na pregunta hai un modal, un verbo en *Future Simple* ou un tempo composto, a frase pasiva comeza co modal ou o auxiliar, o mesmo que na voz activa.

***Will Nora's paintings be exhibited** next week?*

(Exporanse os cadros de Nora a semana que vén?)

En preguntas con partícula interrogativa tamén se invirte a orde do verbo auxiliar e do suxeito, agás cando a partícula fai de suxeito.

When was this flat purchased?

(Cando se mercou este piso?)

***Who will be given** an award?*

(A quen se lle entregará un premio?)

Como pasar unha oración a pasiva

- Ponse como suxeito o obxecto que haxa detrás do verbo en activa, quer sexa directo, quer sexa indirecto.

*Claire **filled the box** with valuable jewellery.*

***The box was filled** with valuable jewellery by Claire.*

(Claire encheu a caixa con alfaías valiosas.)

Alguns verbos, como **give, send, tell, show, sell, offer** e **pay**, poden ir acompañados de dous obxectos; na oración pasiva, estes obxectos poden colocarse de dúas maneiras.

They will give the owner their opinion.

The owner will be given their opinion.

Their opinion will be given to the owner.

[menos frecuente]

(Darán a súa opinión á propietaria.)

Did they offer the participants a small reward?

Were the participants offered a small reward?

Was a small reward offered to the participants?

[menos frecuente]

(Ofrecéuselles aos participantes unha pequena recompensa?)

- Ponse o verbo **to be** no mesmo tempo que tiña o verbo principal na voz activa, e o verbo principal, en participio.

She rented out her flat last summer.

Her flat was rented out last summer.

(Puxo o seu piso en alugueiro o verán pasado.)

En canto aos modais e **be going to**, é o verbo que os segue o que se pon en pasiva.

We should cut down on our expenses.

Our expenses should be cut down on.

(Deberíamos reducir os nosos gastos.)

That shop is going to give a discount tomorrow.

A discount is going to be given tomorrow (at that shop).

(Vaise ofrecer un desconto mañá (nesa tenda).)

- Colócase o suxeito da activa ao final, precedido de **by**. Hai que cambialo polo seu correspondente pronome obxecto se é un persoal.

They split the cost.

The cost was split by them.

(Repartíronse os gastos.)

- Para introducir unha opinión, pensamento ou crenza con verbos como **say, think, believe, know, report, claim, expect** ou **consider** poden empregarse dúas estruturas diferentes en pasiva.

1. Unha construción impersoal formada por **it** + verbo en pasiva + subordinada introducida por **that**. Tradúcese como unha oración impersoal ("dise / pénsase / crese") ou unha oración activa. Nas oraciónes pasivas formadas co verbo **expect**, o verbo da subordinada adoita ir en futuro.

It is expected that the documentary will reach all audiences.

(Agárdase / Agardan que o documental chegue a todos os públicos.)

Know non se adoita traducir en voz activa e, ao contrario, si se pode traducir en pasiva.

It is known that many animals die because of global warming.

(Sábese / É sabido que moitos animais morren polo calentamento global.)

2. Unha construción formada por suxeito + verbo en pasiva + infinitivo. Este tipo de pasiva tamén se traduce como unha oración impersoal ou unha oración activa.

That chef is said to be the best in the city.

(Dise / Din que ese chef é o mellor da cidade.)

O verbo **consider** non pode ir seguido de **that** en pasiva e só se pode empregar con esta segunda estrutura.

Italy is considered to have one of the best gastronomic cultures in the world.

(Considérase / Consideran que Italia ten unha das mellores culturas gastronómicas do mundo.)

Uso

- Sinalar que a acción é máis importante que o suxeito que a realiza, ben porque é pouco relevante ou descoñecido, ben porque non se quere nomear. Ademais, deste xeito evítase unha frase activa cuxo suxeito sería **somebody, nobody**, etc.

Somebody ordered a drink in the restaurant.

A drink was ordered in the restaurant.

(Pediron unha bebida no restaurante.)

Os verbos causativos:

have / get + something done

A estrutura **have / get** + obxecto directo + participio expresa accións que se encargan a alguén.

I'm going to have / get my hair cut tomorrow.

(Vou cortar o pelo mañá.)

[farao outra persoa]

Mike had his food prepared by a chef.

(A Mike preparoulle o xantar un chef.)

Julia will have her phone fixed tomorrow.

(A Julia arranxaranlle o móbil mañá.)

A estrutura ten un sentido pasivo, pois o obxecto directo que vai no medio recibe a acción do verbo que vai en participio, mais adoita traducirse na voz activa.

I owed Jake some money, so I got it transferred yesterday.

(Debíalle cartos a Jake, de xeito que lle fixen unha transferencia onte.)

Eli should have his computer repaired.

(Eli debería arranxar o seu ordenador.)

Kylie had her house painted last week.

(Kylie pintou a súa casa a semana pasada.)

[fíxoo un pintor]

Malia que ambos os dous se empregan indistintamente, **get** é máis informal e común no inglés falado.

They get the office cleaned on Fridays.

(Limpanlles / Limpan a oficina os venres.)

UNIT 4 Health Kicks

AS ORACIÓNS DE RELATIVO

DEFINING RELATIVE CLAUSES	
USES	EXAMPLES
who and that refer to people	<i>Mary is the girl who / that went to school in Finland.</i> (Mary é a rapaza que foi ao colexio en Finlandia.)
which and that refer to objects, animals ...	<i>The lessons which / that they attended were enjoyable.</i> (As clases ás que asistiron eran amenas.)
when and that refer to a moment in time	<i>He'll never forget the day when / that he met Beth.</i> (Nunca esquecerá o día que coñeceu a Beth.)
where refers to a particular place	<i>This is the library where we do our weekly assignments.</i> (Esta é a biblioteca onde facemos os nosos traballos semanais.)
whose refers to possession	<i>That's the man whose scientific research was a success.</i> (Ese é o home cuxa investigación científica foi un éxito.)
NON-DEFINING RELATIVE CLAUSES	
USE	EXAMPLE
that cannot be used	<i>Anne, who is a history expert, got a doctorate in 2011.</i> (Anne, quen é experta en historia, doutorouse en 2011.) <i>*Anne, that is a history expert, got a doctorate in 2011.</i> [Non é correcto]

Son oracións subordinadas adxectivas introducidas por un pronome ou un adverbio relativo. Poden ser de dous tipos: **defining** (especificativas) e **non-defining** (explicativas).

Oracións especificativas

Achegan información esencial para identificar o antecedente.

- **Who** (persoas) e **which** (cousas, animais...) pódense substituír por **that**. Os tres pronomes poden omitirse se funcionan como obxecto, e sempre e cando non funcionen como suxeito, da oración subordinada.

*We didn't like the play **which** / **that** they performed in.*

We didn't like the play they performed in.

(Non nos gustou a obra de teatro na que actuaron.)

- **When** (tempo) adoita substituírse por **that** ou omitir en contextos informais cando vai precedido de substantivos que fan referencia ao tempo (**day**, **week**, **time**, etc.).

*It was the day **when** / **that** she started university.*

It was the day she started university.

(Foi o día en que comezou a universidade.)

- **Whose** (posesión) e **where** (lugar) non poden omitirse nin substituírse por **that**.

*He is the boy **whose** dreams came true.*

(El é o rapaz cuxos soños se fixeron realidade.)

*This is the city **where** George was born.*

(Esta é a cidade onde naceu George.)

Se o relativo leva preposición, o máis común é omitilo e pór a preposición detrás do verbo da oración subordinada.

*The woman (**who** / **that**) I talked **to** was very nervous.*

(A muller coa que falei estaba moi nerviosa.)

Oracións explicativas

Engaden información que non é precisa para identificar o antecedente e van entre vírgulas.

Fórmanse con **who**, **which**, **when**, **where** e **whose**, que non se poden omitir nin substituír por **that**.

*Mike, **who** is a remarkable student, always goes over his notes before an exam.*

(Mike, que é un alumno extraordinario, sempre repasa os seus apuntamentos antes dun exame.)

Estruturas formal e informal

Nasas oracións especificativas, cando o relativo vai acompañado dunha preposición, segue a empregar **which** se o antecedente é unha cousa; mais se é unha persoa, no canto de **who**, emprégase **whom**. Este é un uso moi formal. O máis común en ambos os casos é pór a preposición detrás do verbo da oración subordinada e omitir o pronome relativo.

*This is the building **in which** I've lived for three years.* [formal]

*This is the building (**which**) I've lived **in** for three years.* [informal]

(Este é o edificio no que vivín durante tres anos.)

*The man **to whom** he talked was the manager.* [formal]

*The man (**who**) he talked **to** was the manager.* [informal]

(O home co que falou era o xerente.)

UNIT 5 What's On?

OS VERBOS MODAIS

MODALS	USES	EXAMPLES
can	Ability	<i>She can speak Chinese.</i> (Sabe falar chinés.)
	Request, permission	<i>Can we go by cable car? Yes, you can.</i> (Podemos ir en teleférico? Podedes. Si.)
	Possibility	<i>She can take a bus to work.</i> (Pode coller un autobús para ir ao traballo.)
	Offer	<i>Can I drive you home?</i> (Podo levarte en coche á casa?)
be able to	Ability	<i>Peter is able to ride a bike.</i> (Peter sabe montar en bici.)
	Possibility	<i>Will you be able to arrive on time?</i> (Poderás chegar a tempo?)
can't	Inability	<i>We can't do anything to improve our lives without help from the government.</i> (Non podemos facer nada para mellorar as nosas vidas sen a axuda do goberno.)
	Prohibition	<i>You can't talk during the mayor's speech.</i> (Non se pode falar durante o discurso do alcalde.)
	Strong disbelief, deduction	<i>He can't be wealthy – he lives in a slum.</i> (Non pode ser rico, vive nun suburbio.)
could	Past ability	<i>She could exercise for hours when she was young.</i> (Podía facer exercicio durante horas cando era novo.)
	Polite request	<i>Could we have the meeting after lunch?</i> (Poderíamos facer a reunión logo de xantar?)
	Polite suggestion	<i>You could come with Paul to the carnival.</i> (Poderías vir con Paul ao entroido.)
	Possibility	<i>The crime rate could go down with this new law.</i> (A taxa de criminalidade podería diminuír con esta nova lei.)
may, might	Possibility	<i>We may / might be living in a different city next year.</i> (Poida que / Podería ser que esteamos vivindo nunha cidade diferente o ano vindeiro)
may	Polite request, permission	<i>May I have some tea, please?</i> (Podo tomar té, por favor?)
	Offer	<i>May I help you with your homework?</i> (Podo axudarte cos deberes?)
should, ought to	Advice, opinion	<i>You should / ought to cut down on coffee.</i> (Deberías reducir o consumo de café.)
need to, have to	Necessity, obligation	<i>He needs to find a solution to the problem.</i> (Precisa atopar unha solución ao problema.)
		<i>That neighbourhood is not safe. He has to relocate as soon as possible.</i> (Ese barrio non é seguro. Ten que se mudar o antes posíbel.)
must	Necessity, obligation	<i>They must cooperate with each other.</i> (Deben cooperar entre eles.)
	Logical conclusion, strong belief	<i>He has been reelected as president. He must be thrilled.</i> (Foi reelixido como presidente. Debe estar encantado.)
mustn't	Prohibition	<i>People mustn't draw graffiti on public buildings.</i> (A xente non debe pintar graffitis en edificios públicos.)
don't have to, don't need to	Lack of obligation / necessity	<i>You don't have / need to go in that direction. You can cut across the park.</i> (Non tes que ir nesa dirección. Podes atallar polo parque.)
needn't	Lack of obligation / necessity	<i>She needn't take the car. She can go on foot.</i> (Non fai falta que colla o coche. Pode ir a pé.)
would	Formal request	<i>Would you help me carry these boxes, please?</i> (Axudárame a levar estas caixas, por favor?)
	Offer	<i>Would you like to come to the party?</i> (Gustaríache vir á festa?)

Os verbos modais:

- Son invariábeis, polo que teñen unha mesma forma para todas as persoas e non se conxugan.
- Non necesitan **do / does** para formar a negativa nin a interrogativa.
- Sempre van seguidos dun verbo na forma base.

Be able to, have to, ought to e need to son semi-modais, polo que non comparten todos estes trazos, mais si algúns dos seus usos (habilidade, obriga, etc.).

Usos

can

Emprégase para expresar habilidade ou capacidade, facer peticións, dar e pedir permiso e sinalar posibilidade.

+ Facer suxestións.

*You **can get around** using public transport.*

(Podes desprazarte en transporte público.)

be able to

O mesmo que **can**, serve para expresar habilidade ou posibilidade, mais **be able to** pode conxugarse, polo que se emprega en distintos tempos verbais.

can't

É a forma negativa de **can** e emprégase para expresar incapacidade, prohibición, unha dedución negativa ou a certeza de que algo é imposíbel.

could

Emprégase para expresar habilidade ou capacidade no pasado e facer peticións máis educadas que con **can**. Tamén se emprega para facer suxestións menos directas que con **can** e sinalar unha posibilidade máis remota.

may, might

En afirmativa e negativa, expresan posibilidade (máis remota cando se emprega **might**) de que ocorra algo. **May** tamén se emprega para dar, pedir ou denegar permiso, ou para facer peticións máis formais que con **can**.

should, ought to

Os dous empréganse para dar consello e facer recomendacións. **Ought to** case non se emprega en negativa ou en interrogativa. **Should** é o máis utilizado dos dous.

need to

Expresa obriga ou necesidade. Pódese conxugar e, polo tanto, pode empregarse en todos os tempos verbais.

have to, must

Expresan obriga ou necesidade, mais **have to** pode conxugarse e pode empregarse en tempos verbais diferentes. **Must** tamén pode empregarse para expresar unha conclusión lóxica.

mustn't

Sinala prohibición.

don't have to, don't need to

Significa "non ter que" ou "non ter por que", é dicir, ausencia de obriga e de necesidade (como **needn't**).

needn't

O mesmo que **don't have to** e **don't need to**, sinala que non hai obriga ou necesidade de facer algo, malia que o uso de **needn't** é máis formal.

would

Emprégase para pedir ou ofrecer algo de maneira educada.

OS VERBOS MODAIS PERFECTOS

MODAL PERFECTS	USES	EXAMPLES
could have	Possibility to do something in the past which wasn't done in the end	<i>We could have gone to see that picturesque village. Now it's too late.</i> (Poderíamos ter ido ver aquela aldea engaiolante. Agora é tarde de máis.)
can't / couldn't have	Certainty that something didn't happen	<i>He can't / couldn't have designed that skyscraper. He's not an architect.</i> (El non pode / puido ter deseñado ese rañaceos. Non é arquitecto.)
may / might have	A guess about a past action or a possibility that something was true	<i>She may / might have turned down the invitation.</i> (Pode ser que / Podería ser que rexeitase a invitación.)
must have	Certainty or logical conclusion about an event in the past	<i>He must have felt exhausted after that long trek.</i> (Tivo que sentirse esgotado despois desa longa andaina.)
should / ought to have	Criticism or regret after an event	<i>We should / ought to have left earlier. There's a huge traffic jam now.</i> (Deberíamos ter saído antes. Agora hai moito atasco.)
shouldn't have	Criticism or regret after an event	<i>They shouldn't have littered the street. Now it's all dirty.</i> (Non deberían ter tirado lixo na rúa. Agora está todo sucio.)
would have	Willingness or desire to do something which wasn't actually done due to external circumstances	<i>I would have met you yesterday, but I couldn't leave the house because of the storm.</i> (Tería quedado contigo onte, mais non puiden saír da casa pola tormenta.)
needn't have	To express that there was no obligation or necessity to do something	<i>You needn't have bought me flowers! That's very kind of you.</i> (Non tiñas por que terme mercado flores! É moi amábel pola túa parte.)

Usos**could have + participio**

Sinala que se puido ter feito algo no pasado, mais que finalmente non se fixo.

can't / couldn't have + participio

Expresan a certeza de que algo non puido ter ocorrido.

may / might have + participio

Empréganse para facer unha suposición ou conxecturar sobre un feito pasado.

must have + participio

Expresa a certeza de que ocorreu algo ou unha conclusión lóxica dun feito pasado.

should / ought to have + participio

Pódese, con ambos os dous, tanto expresar unha crítica sobre o que ocorreu como laiarse de que non se cumprise o que se agardaba.

shouldn't have + participio

Expresa unha opinión crítica ou un laio sobre un feito pasado, sinalando que non debería ter ocorrido.

would have + participio

Sinala que se quixo ter feito algo no pasado, mais que non se puido debido a circunstancias ou factores externos.

needn't have + participio

Sinala que non había obriga ou necesidade de facer algo que se fixo.

had better / should

Como xa se viu, **should** emprégase para dicir o que se cre que se debería facer ou dar un consello ou unha opinión. Para expresar o mesmo, mais de maneira moi coloquial, pode empregarse a estrutura **had better** (ou a contracción **d better**).

Afirmativa: suxeito + **had better** + forma base do verbo. Significa "é / será mellor que" + un verbo en presente de subxuntivo.

We'd better rush if we don't want to miss the bus.
(É / Será mellor que nos deamos présa se non queremos perder o autobús.)

Negativa: suxeito + **had better** + **not** + forma base do verbo.

You'd better not take the car if it snows.
(É / Será mellor que non collas o coche se neva.)

Interrogativa: o seu uso non é frecuente.

Por outra parte, ten un emprego distinto de **should**, pois tamén se emprega para expresar unha advertencia ou dar un aviso ao oínte de que algo malo ou desagradábel lle pode ocorrer se non fai o que se lle di. Significa "será mellor que" ou "máis vale que".

You'd better mind your step or you will fall.
(Máis vale que mires onde pisas o caerás.)

You'd better not play music so loud if you don't want the neighbours to complain.
(Será mellor que non poñas a música tan alta se non queres que os veciños se queixen.)

Phrasal Verbs

Mira o apartado dos *phrasal verbs* na páxina 21.

UNIT 6 Off to Work

O ESTILO INDIRECTO

TENSES	DIRECT SPEECH	REPORTED SPEECH
Present Simple	"She makes an effort." (Ela fai un esforzo.)	He said that she made an effort. (El dixo que ela facía un esforzo.)
Present Continuous	"She is making an effort." (Ela está a facer un esforzo.)	He said that she was making an effort. (El dixo que ela estaba a facer un esforzo.)
Past Simple	"She made an effort." (Ela fixo un esforzo.)	He said that she had made an effort. (El dixo que ela fixera un esforzo.)
Past Continuous	"She was making an effort." (Ela estaba a facer un esforzo.)	He said that she had been making an effort. (El dixo que ela estivera a facer un esforzo.)
Present Perfect Simple	"She has made an effort." (Ela fixo un esforzo.)	He said that she had made an effort. (El dixo que ela fixera un esforzo.)
Present Perfect Continuous	"She has been making an effort." (Ela estivo a facer un esforzo.)	He said that she had been making an effort. (El dixo que ela estivera a facer un esforzo.)
Past Perfect Simple	"She had made an effort." (Ela fixera un esforzo.)	He said that she had made an effort. (El dixo que ela fixera un esforzo.)
Past Perfect Continuous	"She had been making an effort." (Ela estivera a facer un esforzo.)	He said that she had been making an effort. (El dixo que ela estivera a facer un esforzo.)
Future Simple	"She will make an effort." (Ela fará un esforzo.)	He said that she would make an effort. (El dixo que ela faría un esforzo.)
Future Continuous	"She will be making an effort." (Ela estará a facer un esforzo.)	He said that she would be making an effort. (El dixo que ela estaría a facer un esforzo.)

CAMBIOS NOS MODAIS	
DIRECT SPEECH	REPORTED SPEECH
can	could
may	might
must, have to	had to

CAMBIOS NOUTRAS PALABRAS E EXPRESIÓNS	
DIRECT SPEECH	REPORTED SPEECH
now	then
today	that day
tonight	that night
yesterday	the previous day, the day before
last week	the previous week, the week before
a month ago	the previous month, the month before
tomorrow	the following day, the day after, the next day
next week	the following week, the week after
here	there
this	that
these	those

O estilo indirecto emprégase para contar o que alguén dixo sen citar exactamente as súas palabras.

Reported statements

Cando se fala de feitos ou verdades xerais en presente, suprimíase as comiñas e cámbiase o pronome suxeito.

"I'm a runner."

She says that she is a runner.

(Di que é corredora.)

Mais o normal é que o verbo que introduce a subordinada en estilo indirecto vaia en pasado; daquela prodúcese un cambio importante: o verbo da subordinada dá un salto atrás no tempo (de *Present Simple* a *Past Simple*, deste último a *Past Perfect Simple*, etc.).

Os verbos máis comúns para introducir o estilo indirecto son **tell** e **say**. **Tell** sempre leva un obxecto indirecto sen a preposición **to**.

Say non adoita levar obxecto indirecto, mais, de levalo, debe ir con esa preposición.

A oración subordinada vai introducida pola conxunción **that**, aínda que en inglés falado se adoita omitir.

"We beat our opponent," they said.

They told us (that) they had beaten their opponent.

They said (that) they had beaten their opponent.

(Dixéronnos que derrotaran o seu adversario.)

O cambio de estilo directo a indirecto tamén afecta aos pronomes persoais, ás expresións de tempo e de lugar, aos demostrativos e aos posesivos.

"I scored a goal yesterday," he said.

He said (that) he had scored a goal the previous day.

(Dixo que metera un gol o día anterior.)

Cando a frase enuncia unha verdade xeral, non hai cambio nos tempos verbais.

"The best athletes get awards," she said.

She said that the best athletes get awards.

(Dixo que os mellores deportistas reciben premios.)

Reported questions

Hai dous tipos de preguntas en inglés:

- As **Yes / No questions** son as que se poden contestar cun "si" ou un "non". Para poñelas en estilo indirecto emprégase o verbo **ask** en pasado e, a continuación, **if** ou **whether**, o suxeito e o verbo. Como a pregunta deixa de selo e se converte nunha afirmativa, non hai inversión suxeito-verbo nin signo de interrogación, e tampouco comiñas.

"Will you go to the tennis tournament?" Jack asked.

Jack asked if / whether I would go to the tennis tournament.

(Jack preguntoume se iría ao torneo de tenis.)

- As **Wh- questions** non se poden contestar cun "si" ou un "non". Son as que comezan cunha partícula interrogativa (**what, who, where, when, why, whose, how, how long**, etc.). Ao pasalas a estilo indirecto, ponse o verbo **ask** en pasado seguido da devandita partícula (no canto de **if** ou **whether**). Logo van o suxeito e o verbo, e prescínlese do signo de interrogación e das comiñas.

"When did you turn off the television?" she asked.

She asked when I had turned off the television.

(Preguntoume cando apagara a televisión.)

Reported orders / requests

Para pasar unha orde a estilo indirecto, ponse o verbo **order** ou **tell** en pasado e, a continuación, o verbo que estaba en imperativo cámbiase por un infinitivo con **to** (o verbo **tell** sempre debe ir seguido dun obxecto indirecto). Con esta mesma estrutura pódense empregar **ask** ou **beg** para expresar peticións e **warn** para advertir a alguén de algo.

"Stop the car!" the police officer ordered.

The police officer ordered me to stop the car.

(O policía ordenoume que parase o coche.)

Ao pedir algo, polo xeral dise **please** en estilo directo, mais adoita omitirse en estilo indirecto ao considerarse que está implícito nos verbos **ask, beg**, etc.

"Please stay with us, Kate!" the woman begged.

The woman begged Kate to stay with them.

(A muller suplicoulle a Kate que quedase con eles.)

Cando se trata dunha oración negativa, ponse **not** diante de **to**.

"Please don't shout at him."

He told me not to shout at him.

(Díxome que non lle berrase.)

Reported suggestions

Primeiro pónense o suxeito e o verbo **suggest** ou **recommend** en pasado e, a continuación, dise o que se suxeriu. Tamén se poden empregar **advise** para dar consello e **invite** para facer unha invitación. Estes últimos sempre van seguidos dun obxecto indirecto e o verbo en infinitivo con **to**.

"You should stop eating junk food," he said.

He advised me to stop eating junk food.

(Aconselloume deixar de comer comida lixo.)

As suxestións con **suggest** e **recommend** poden pasarse a estilo indirecto de dúas maneiras:

- Empregando unha oración de obxecto directo introducida por **that**, co seu suxeito e o verbo na forma base.

"You should have a security guard," he said.

He recommended that we have a security guard.

(Recomendou ter un garda de seguridade.)

Cando se emprega **suggest** con esta estrutura, a miúdo omítese a conxunción **that**.

*"Let's have a look at the directory," Martin said.
Martin **suggested** (that) we have a look at the directory.*

(Martin suxeriu mirar o directorio.)

- Empregando o xerundio, sen especificar ningún suxeito.

*"We should sign this football player," the coach said.
The coach **suggested signing** that football player.
(O adestrador suxeriu que fichásemos esa futbolista.)*

Reporting verbs

Os verbos máis empregados para introducir o estilo indirecto son **say** e **tell**, así como tamén **ask**, que transmiten a mensaxe sen reflectir o ton ou a intención da frase. Mais, se tamén se quere comunicar a intención ou o ton do falante, poden empregarse outros moitos *reporting verbs*:

- Afirmacións: **add, admit, agree, announce, answer, apologise, argue, boast, claim, complain, declare, deny, explain, inform, insist, mention, offer, persuade, point out, predict, promise, protest, refuse, remind, reply, report, state, threaten**, etc.
- Preguntas: **enquire, request, want to know, wonder**, etc.
- Ordes: **demand, order, shout, warn**, etc.
- Súplicas: **ask, beg**, etc.
- Suxestións: **advise, invite, recommend, suggest**, etc.

*"You need to be ready for intensive training."
He **explained** that she needed to be ready for intensive training.*

(Explicoulle que tiña que estar disposta para un adestramento intensivo.)

"Did they win the trophy?"

*Hank **wanted to know** if they had won the trophy.*

(Hank quixo saber se gañaran o trofeo.)

"I want you to tell me what happened."

*He **demand**ed that she tell him what had happened.*

(Esixiu que ela lle contase o que ocorrera.)

Outras estruturas

Algúns dos verbos que introducen o estilo indirecto teñen unha estrutura distinta:

- verbo + infinitivo (**refuse, promise, agree, threaten**)
- verbo + obxecto + infinitivo (**advise, warn, remind**)
- verbo + xerundio (**admit, deny**)

"I'll go to the concert with you."

*He **promised to go** to the concert with him.*

(Prometeu ir ao concerto con el.)

"You should apply for the job of lifeguard."

*She **advised her to apply** for the job of lifeguard.*

(Aconselloulle que solicitara o traballo de socorrista.)

"I wasn't late for school yesterday."

*He **denied being** late for school the day before.*

(Negou chegar tarde ao colexio o día anterior.)

Os verbos **promise, agree, admit** e **deny** tamén poden empregarse con **that** para introducir unha oración subordinada.

"We need to take some time off and rest."

*They **agreed that** they needed to take some time off and rest.*

(Estaban de acordo en que tiñan que tomar algo de tempo libre e descansar.)

Phrasal Verbs

Repara no apartado dos *phrasal verbs* na páxina 21.

TRANSLATION EXERCISES

Translate the sentences in your notebook.

UNIT 1

1. Este carreiro foi bastante famoso entre os viaxeiros aventureiros durante anos.
2. Levo a viaxar ao estranxeiro pola miña contadende que era adolescente.
3. Por riba, Josh decatouse de que esquecera o seu pasaporte na casa.
4. Canto tempo levas a planear a túa viaxe á India?
5. Susan estaba afeita a montar en bici porque levaba a montar en bici toda a súa vida.
6. O vídeo de Maggie volveuse tan famoso que chegou a espectadores de todas partes.

UNIT 2

1. Peter non poderá saír adiante a non ser que teña un profesor particular para Química.
2. Oxalá eu puidese facer algunha cousa para axudarche a repasar para o exame.
3. Non nos gustaría tanto esta profesora se non fose tan aberta de mente.
4. Se Marge tivese comezado a repasar para os seus exames antes, tería sacado mellores cualificacións.
5. Podemos entregar o noso traballo de bioloxía tarde sempre e cando estea listo para o venres.
6. Oxalá meus pais non me tivesen obrigado a facer un curso que non me gustaba.

UNIT 3

1. Cando se derrubará ese edificio abandonado?
2. Paga a pena investir en apartamentos de luxo mesmo se non se vive neles.
3. A esta empresa vaille deseñar a súa páxina web un experto.
4. Deberíaselle proporcionar unha vivenda a calquera que non teña traballo.
5. Sábese que as zonas residenciais dos arrabaldos de Londres son moito máis tranquilas que a cidade.
6. Ofrecéronnos unha morea de cartos pola nosa propiedade pola súa perfecta localización.

UNIT 4

1. Todas as persoas precisan crearse un horario con horas que lles veñan ben.
2. Nunca me gustou a carne crúa, a cal me revolve o estómago.
3. Á xente que experimentou un trastorno por estrés cómprelle un tratamento axeitado.
4. A Sra. Atkinson, cuxas fillas teñen bos traballos, sempre foi unha nai entregada.
5. Estou en baixa forma, polo que necesito apuntarme a un ximnasio onde poida adestrar todos os días.
6. Esta noite tiveron un pesadelo no que estaba implicado nun accidente terríbel.

UNIT 5

1. Non puiden aguantar até o final da obra porque era violenta de máis.
2. Teremos que instalar moitas cousas antes do concerto do colexio.
3. Deberías terte asegurado de que tiñas cartos abondo para todos os teus gastos.
4. Máis vale que non chegues tarde ao concerto.
5. Debemos continuar cos plans previstos mesmo aínda que poidamos estar tristes.
6. Durante a cerimonia, as emocións deben de estar á flor de pel.

UNIT 6

1. Un dos meus novos compañeiros de traballo explicou que eu podería necesitar traballar horas extras.
2. A Lidia aconselláronlle resaltar os seus puntos fortes describindo os traballos que tivera.
3. Anita quería saber se todos os empregados tiñan que levar o mesmo uniforme.
4. Shahina sinalou que ela necesitaba tomar algo de tempo libre.
5. Suxerín que Megan se informase sobre ese asunto.
6. O meu xefe ordenoume que aprazase a reunión de mañá.

PHRASAL VERBS

Phrasal verbs are verbs that are followed by one or more prepositions or particles.

The meaning of a phrasal verb is different from the meaning of the verb itself.

There are hundreds of phrasal verbs in English and they are used in both spoken and written language.

act out: representar, interpretar

back up: apoiar, avalar

break out: estoupar (guerra); desatarse, brotar, agromar

break up: separarse

catch on: pórse de moda, popularizarse; ter éxito

check out: inspeccionar, botar unha ollada a; comprobar

check up on: controlar

clean up: limpar

clock in: fichar

close down: pechar (un negocio)

come about: xurdir, aparecer

come up: achegarse; aparecer

count on: contar con, confiar en

cut down on: reducir, recortar

drop out: abandonar / deixar (os estudos)

fall apart: romperse en anacos, esnaquizarse, desarmarse

fall behind: quedar / ficar atrás, retrasarse

fight back: defenderse

fill in for: substituír a

fill out: encher, cubrir, cumprimentar

find out: descubrir, pescudar

fit in: encaixar

follow up: pórse en contacto

get along: levarse ben

get by: amañarse, saír adiante

get over: recuperarse de, superar

go off: soar

go on: ocorrer, suceder

go over: repasar

grow up: crecer, medrar, criarse

hand in: entregar

hike up: subir

hold back: reter / frear a; impedir

join in: participar

keep up with: estar / manterse ao día con

knock down: derrubar, demoler

lay down: deixar, pór a un lado

leave out: excluír / deixar fóra (a)

let in: deixar pasar / entrar

look back (on): lembrar; volver a vista atrás, pensar no pasado

look into: informarse sobre, investigar, pescudar

look up to: admirar / respectar a

make up: formar, ser, representar

move away: mudarse

move into: instalarse / establecerse en

move on: seguir adiante, continuar

move out: mudarse, irse

pair up: emparellar, dividir en parellas

pop up: aparecer (de repente / súpeto), xurdir

pull in: interesar, enganchar

pull out: sacar, tirar

push out: botar / expulsar a

put aside: aforrar, gardar

put down: apuntar

put off: aprazar, adiar, pospor

run away: fuxir

run out of: quedar / ficar sen

set up: instalar, pór, poñer

shop around (for): comparar os prezos (de algo) en distintas tendas

show off: facer alarde de, lucir

show up: presentarse (nun lugar), aparecer

shut down: apagar

sit through: quedar / aguantar até o final

slack off: lacazanear, afrouxar o ritmo de traballo

spring into: saltar a / cara a

stand out: destacar, salientar

stress out: estresar a

take down: quitar, desmontar

take off: engalar

take (time) off: tomar (tempo) libre / de vacacións

take on: aceptar, facerse cargo de

take over: absorber, apropiarse de; ocupar, substituír

take up: ocupar / levar (tempo); coller, agarrar

think over: reflexionar sobre

throw away: tirar, desfacerse de

turn into: converter en

turn on: activarse

turn off: desactivar(se), apagar

turn out: resultar

turn to: recorrer a

turn up: subir (volume)

use up: gastar

walk away: irse, marchar

wipe out: exterminar

work out: entender; pescudar, esculcar

write down: apuntar, anotar

PREPOSITIONS

Some nouns, verbs and adjectives are followed by a specific preposition. In some cases there is more than one possibility, but this changes the meaning.

VERBS + PREPOSITIONS

agree on: estar de acordo en; acordar
agree with: estar de acordo con
apologise for: pedir desculpas / perdón por
apologise to: pedir desculpas / perdón a
apply for: solicitar, presentar unha candidatura para
apply to: presentarse / enviar unha solicitude a
arrive at: chegar a (un lugar)
arrive in: chegar a (unha cidade, un país)
believe in: crer en
blame (someone / something) for: botar a culpa / culpar (a alguén / algo) de / por
blame (something) on: botar a culpa / culpar (de algo) a
cater for: atender as necesidades de
clash with: ter diferenza de opinións / chocar con
complain about: queixarse de
compromise on: renunciar a, facer concesións en
concentrate on: concentrarse / centrarse en

contribute to: contribuír a
cope with: afrontar, facer fronte a
correspond with: escribirse con
deal with: facer fronte (a), afrontar; tratar
depend on: depender de
engage in: tomar parte / participar en
focus on: pór o foco / centrarse en
hop into: meterse en
insist on: insistir en
laugh at: rir(se) de
lead to: ocasionar; levar / conducir a
leave for: saír cara a
look for: buscar, procurar
participate in: participar en
perform above: ter un rendemento superior a
point at: sinalar a
prevent from: impedir / evitar que
provide with: ofrecer / brindar a
rely on: confiar en; depender de

remind (someone) of: lembrar (alguén) a
remind (someone) to: lembrar (algo a alguén)
result from: xerarse / producirse por mor de
search for: buscar, procurar
succeed in: ter éxito / triunfar en; conseguir
suffer from: verse afectado/a por
surrender to: renderse ante
tend to: tender a, adoitar
think about: pensar en
think of: pensar en, idear
trickle down: introducirse paulatinamente
walk around: deambular / errar / vagar por un lugar, pasearse
wander through: deambular, errar, vagar / pasear por
worry about: preocuparse por

NOUNS + PREPOSITIONS

access to: acceso a
advantage / disadvantage of: vantaxe / desvantaxe de
agreement on: acordo sobre
approach to: enfoque / formulación para
ban on: prohibición de
break from: descanso de
cause of: causa de
confidence in: confianza en
contribution to: contribución a

damage to: dano(s) a
debate about: debate sobre / arredor de
delay of: atraso / demora de
demand for: demanda / solicitude de
effect on: efecto sobre
impact on: impacto / repercusión en
increase in: aumento / incremento de / en
knowledge of: coñecemento de
lack of: falta / eiva / carencia de
need for: necesidade de

reaction to: reacción cara a
reason for: razón / motivo por
relationship with: relación con
respect for: respecto por / cara a
risk of: risco / perigo de
room for: espazo / sitio para
search for: busca / procura de
solution to: solución a / para

ADJECTIVES + PREPOSITIONS

accustomed to: acostumado/a, afeito/a a
afraid of: asustado/a de
amazed by: marabillado/a por
associated with: asociado/a / relacionado/a con
aware of: consciente de
bad at: malo/a, mao / má para
based on: baseado/a en
capable of: quen de
committed to: comprometido/a con
crowded with: ateigado/a / cheo/a de
curious about: curioso/a sobre, interesado/a por
disappointed with: decepcionado/a / desilusionado/a con

enrolled in: inscrito/a / matriculado/a en
excited about: emocionado/a / entusiasmado/a por
experienced in: experto/a en
fascinated by: fascinado/a por
filled with: cheo/a de
frustrated by: frustrado/a con
impressed with: impresionado/a con
interested in: interesado/a en / por
involved in: involucrado/a / implicado/a en
jealous of: celoso/a de
keen on: afeccionado/a a, afervorado por
kind to: amábel / atento/a con
mad about: moi entusiasmado/a con

popular with: coñecido/a por, famoso/a entre
proud of: orgulloso/a de
responsible for: responsábel de
shocked by: sorprendido/a / estupefacto/a por
skilled with: cualificado/a / especializado/a en
successful at: proveitoso/a, vitorioso/a en
surprised by: sorprendido/a por
terrible at: malísimo/a para / en
upset about: desgustado/a / molesto/a por
wrong about: equivocado/a / errado/a sobre

IRREGULAR VERB FORMS

Many verbs in English have irregular forms. It's important to memorise these irregular forms.

BASE FORM (V1)	PAST SIMPLE (V2)	PAST PARTICIPLE (V3)	GALEGO
be /bi:/	was / were /wɒz/wɜ:/	been /bi:n/	ser, estar
beat /bit/	beat /bit/	beaten /'bi:tən/	golpear
become /br'kʌm/	became /br'keɪm/	become /br'kʌm/	chegar a ser, converterse
begin /br'gɪn/	began /br'gæn/	begun /br'gʌn/	comezar
bend /bend/	bent /bent/	bent /bent/	dobrar(se)
bet /bet/	bet /bet/	bet /bet/	apostar
bite /baɪt/	bit /bɪt/	bitten /'bɪtən/	morder, trabar
bleed /bli:d/	bled /bled/	bled /bled/	sangrar
blow /bləʊ/	blew /blu:/	blown /bləʊn/	soprar
break /breɪk/	broke /brəʊk/	broken /'brəʊkən/	romper
bring /brɪŋ/	brought /brɔ:t/	brought /brɔ:t/	traer
build /bɪld/	built /bɪlt/	built /bɪlt/	construír
burn /bɜ:n/	burnt / burned /bɜ:nt/bɜ:nd/	burnt / burned /bɜ:nt/bɜ:nd/	queimar
burst /bɜ:st/	burst /bɜ:st/	burst /bɜ:st/	rebotar, estoupar
buy /baɪ/	bought /bɔ:t/	bought /bɔ:t/	comprar, mercar
catch /kætʃ/	caught /kɔ:t/	caught /kɔ:t/	coller, agarrar
choose /tʃu:z/	chose /tʃəʊz/	chosen /'tʃəʊzn/	elixir
come /kʌm/	came /keɪm/	come /kʌm/	vir
cost /kɒst/	cost /kɒst/	cost /kɒst/	custar
cut /kʌt/	cut /kʌt/	cut /kʌt/	cortar
deal /di:l/	dealt /delt/	dealt /delt/	comerciar, tratar
dig /dɪg/	dug /dʌg/	dug /dʌg/	cavar, sachar
do /du:/	did /dɪd/	done /dʌn/	facér
draw /drɔ:/	drew /dru:/	drawn /drɔ:n/	debuxar
dream /dri:m/	dreamt / dreamed /dremt/dri:md/	dreamt / dreamed /dremt/dri:md/	soñar
drink /drɪŋk/	drank /dræŋk/	drunk /drʌŋk/	beber
drive /draɪv/	drove /drəʊv/	driven /'drɪvn/	conducir
eat /i:t/	ate /eit/	eaten /'i:tən/	comer
fall /fɔ:l/	fell /fel/	fallen /'fɔ:lən/	caer
feed /fi:d/	fed /fed/	fed /fed/	alimentar
feel /fi:l/	felt /felt/	felt /felt/	sentir(se)
fight /faɪt/	fought /fɔ:t/	fought /fɔ:t/	loitar, pelexar
find /faɪnd/	found /faʊnd/	found /faʊnd/	encontrar, atopar
fly /flaɪ/	flew /flu:/	flown /fləʊn/	voar
forbid /fə'brɪd/	forbade /fə'beɪd/	forbidden /fə'brɪdn/	prohibir
forget /fə'get/	forgot /fə'gɒt/	forgotten /fə'gɒtn/	esquecer
forgive /fə'grɪv/	forgave /fə'geɪv/	forgiven /fə'grɪvn/	perdoar
freeze /fri:z/	froze /frəʊz/	frozen /'frəʊzn/	conxelar(se)
get /get/	got /gɒt/	got /gɒt/	conseguir; chegar
give /gɪv/	gave /geɪv/	given /'gɪvn/	dar
go /gəʊ/	went /went/	gone /gɒn/	ir
grow /grəʊ/	grew /gru:/	grown /grəʊn/	crecer; cultivar
hang /hæŋ/	hung / hanged /hʌŋ/hæŋd/	hung / hanged /hʌŋ/hæŋd/	pendurar, colgar
have /hæv/	had /hæd/	had /hæd/	ter
hear /hɪə/	heard /hɜ:d/	heard /hɜ:d/	oír, ouvir
hide /haɪd/	hid /hɪd/	hidden /'hɪdn/	esconder(se), agochar(se)
hit /hɪt/	hit /hɪt/	hit /hɪt/	golpear, pegar
hold /həʊld/	held /held/	held /held/	suxeitar
hurt /hɜ:t/	hurt /hɜ:t/	hurt /hɜ:t/	ferir, facer dano; doer
keep /ki:p/	kept /kept/	kept /kept/	gardar, manter
know /nəʊ/	knew /nju:/	known /nəʊn/	saber, coñecer
lay /leɪ/	laid /leid/	laid /leid/	pór, poñer; estender
lead /li:d/	led /led/	led /led/	guiar, conducir
learn /lɜ:n/	learnt / learned /lɜ:nt/lɜ:nd/	learnt / learned /lɜ:nt/lɜ:nd/	aprender
leave /li:v/	left /left/	left /left/	deixar; irse, saír, marchar

BASE FORM (V1)	PAST SIMPLE (V2)	PAST PARTICIPLE (V3)	GALEGO
lend /lend/	lent /lent/	lent /lent/	prestar, emprestar
let /let/	let /let/	let /let/	permitir, deixar
lie /laɪ/	lay /leɪ/	lain /leɪn/	tombarse, botarse
lie /laɪ/ (regular verb)	lied /laɪd/	lied /laɪd/	mentir
light /laɪt/	lit /lɪt/	lit /lɪt/	acender, prender
lose /luːz/	lost /lɒst/	lost /lɒst/	perder
make /meɪk/	made /meɪd/	made /meɪd/	facér, fabricar
mean /miːn/	meant /ment/	meant /ment/	significar, querer dicir
meet /miːt/	met /met/	met /met/	coñecer a; quedar con
overcome /əʊvə'kʌm/	overcame /əʊvə'keɪm/	overcome /əʊvə'kʌm/	superar
pay /peɪ/	paid /peɪd/	paid /peɪd/	pagar
put /pʊt/	put /pʊt/	put /pʊt/	pór, poñer
quit /kwɪt/	quit / quitted /kwɪt/'kwɪtɪd/	quit / quitted /kwɪt/'kwɪtɪd/	deixar (de)
read /riːd/	read /red/	read /red/	ler
ride /raɪd/	rode /rəʊd/	ridden /'rɪdn/	montar
ring /rɪŋ/	rang /ræŋ/	rung /rʌŋ/	chamar (por teléfono)
rise /raɪz/	rose /rəʊz/	risen /'rɪzn/	erguerse, alzarse
run /rʌn/	ran /ræn/	run /rʌn/	correr
say /seɪ/	said /sed/	said /sed/	dicir
see /siː/	saw /sɔː/	seen /siːn/	ver
sell /sel/	sold /səʊld/	sold /səʊld/	vender
send /send/	sent /sent/	sent /sent/	enviar
set /set/	set /set/	set /set/	colocar
sew /səʊ/	sewed /səʊd/	sewn /səʊn/	coser
shake /ʃeɪk/	shook /ʃʊk/	shaken /'ʃeɪkn/	axitar
shine /ʃaɪn/	shone /ʃɒn/	shone /ʃɒn/	brillar
shoot /ʃuːt/	shot /ʃɒt/	shot /ʃɒt/	disparar
show /ʃəʊ/	showed /ʃəʊd/	shown /ʃəʊn/	mostrar, ensinar
shut /ʃʌt/	shut /ʃʌt/	shut /ʃʌt/	pechar
sing /sɪŋ/	sang /sæŋ/	sung /sʌŋ/	cantar
sink /sɪŋk/	sank /sæŋk/	sunk /sʌŋk/	afundir
sit /sɪt/	sat /sæt/	sat /sæt/	sentar
sleep /sliːp/	slept /slept/	slept /slept/	durmir
smell /smel/	smelt / smelled /smelt/smeld/	smelt / smelled /smelt/smeld/	cheirar, ulir
speak /spiːk/	spoke /spəʊk/	spoken /'spəʊkn/	falar
spell /spel/	spelt / spelled /spelt/speld/	spelt / spelled /spelt/speld/	soletrear, deletrear
spend /spend/	spent /spent/	spent /spent/	gastar; pasar (tempo)
spill /spɪl/	spilt / spilled /spɪlt/spɪld/	spilt / spilled /spɪlt/spɪld/	derramar(se), verter(se)
spoil /spɔɪl/	spoilt / spoiled /spɔɪlt/spɔɪld/	spoilt / spoiled /spɔɪlt/spɔɪld/	arruinar, estragar
spread /spred/	spread /spred/	spread /spred/	untar; difundir(se)
spring /sprɪŋ/	sprang /spræŋ/	sprung /sprʌŋ/	saltar, brincar
stand /stænd/	stood /stʊd/	stood /stʊd/	estar de pé
steal /stiːl/	stole /stəʊl/	stolen /'stəʊln/	roubar
stick /stɪk/	stuck /stʌk/	stuck /stʌk/	pegar
sting /stɪŋ/	stung /stʌŋ/	stung /stʌŋ/	picar (insecto)
swear /swɛə/	swore /swɔː/	sworn /swɔːn/	xurar
sweep /swiːp/	swept /swept/	swept /swept/	varrer
swim /swɪm/	swam /swæm/	swum /swʌm/	nadar
take /teɪk/	took /tʊk/	taken /'teɪkn/	coller; levar
teach /tiːtʃ/	taught /tɔːt/	taught /tɔːt/	ensinar
tear /teə/	tore /tɔː/	torn /tɔːn/	romper, esgazar
tell /tel/	told /təʊld/	told /təʊld/	dicir, contar
think /θɪŋk/	thought /θɔːt/	thought /θɔːt/	pensar
throw /θrəʊ/	threw /θruː/	thrown /θrəʊn/	tirar; lanzar, guindar
understand /ʌnde'stænd/	understood /ʌnde'stʊd/	understood /ʌnde'stʊd/	comprender, entender
wake up /'weɪk ʌp/	woke up /'wəʊk ʌp/	woken up /'wəʊkn ʌp/	espertar
wear /weə/	wore /wɔː/	worn /wɔːn/	levar posto, vestir; poñerse
win /wɪn/	won /wʌn/	won /wʌn/	gañar
write /raɪt/	wrote /rəʊt/	written /'rɪtn/	escribir

CADROS RESUMO DAS EQUIVALENCIAS DOS TEMPOS VERBAIS ENTRE O INGLÉS E O GALEGO

LEMBRA: os tempos verbais do Subxuntivo galego tradúcense en inglés polos seus correspondentes en indicativo. Así, o Presente de Subxuntivo, o Futuro de Subxuntivo e o Pretérito Imperfecto de Subxuntivo traduciranse igual có Presente, o Futuro e o Pretérito Imperfecto de Indicativo, respectivamente.

TEMPOS VERBAIS	TENSES	OUTRAS EQUIVALENCIAS
Presente	Present Simple	
Eu ando Ti andas El/Ela anda Nós andamos Vós andades Eles/Elas andan	I walk You walk He/She walks We walk You walk They walk	
	Present Continuous	Perífrase
	I am walking You are walking He/She is walking We are walking You are walking They are walking	Eu estou a andar / andando Ti estás a andar / andando El/Ela está a andar / andando Nós estamos a andar / andando Vós estades a andar / andando Eles/Elas están a andar / andando
	Past Continuous	Perífrase
	I was walking You were walking He/She was walking We were walking You were walking They were walking	Eu estaba a andar / andando Ti estabas a andar / andando El/Ela estaba a andar / andando Nós estábamos a andar / andando Vós estabades a andar / andando Eles/Elas estaban a andar / andando
Pretérito Imperfecto	Past Simple	
Eu andaba Ti andabas El/Ela andaba Nós andabamos Vós andabades Eles/Elas andaban	I walked You walked He/She walked We walked You walked They walked	
Pretérito Perfecto	Present Perfect	Perífrase
Eu andei Ti andaches El/Ela andou Nós andamos Vós andastes Eles/Elas andaron	I have walked You have walked He/She has walked We have walked You have walked They have walked	Eu teño andado Ti tes andado El/Ela ten andado Nós temos andado Vós tedes andado Eles/Elas teñen andado

TEMPOS VERBAIS	TENSES	OUTRAS EQUIVALENCIAS
Pretérito Pluscuamperfecto	Past Perfect	Perífrase
Eu andara Ti andaras El/Ela andara Nós andaramos Vós andarades Eles/Elas andaran	I had walked You had walked He/She had walked We had walked You had walked They had walked	Eu tiña andado Ti tiñas andado El/Ela tiña andado Nós tiñamos andado Vós tiñades andado Eles/Elas tiñan andado
Futuro	will	
Eu andarei Ti andarás El/Ela andará Nós andaremos Vós andaredes Eles/Elas andarán	I will walk You will walk He/She will walk We will walk You will walk They will walk	
Futuro do Pretérito	Conditional	
Eu andaría Ti andarías El/Ela andaría Nós andaríamos Vós andariades Eles/Elas andarían	I would walk You would walk He/She would walk We would walk You would walk They would walk	
Infinitivo Conxugado	Infinitive / Gerund	
Eu andar Ti andares El/Ela andar Nós andarmos Vós andardes Eles/Elas andaren	(to) walk / walking	

Para a tradución do *Future Perfect Simple* e *Future Continuous* repasa os puntos correspondentes na sección *Getting Started* deste mesmo apéndice gramatical.